

A FORMA DAS CANTIGAS (RECURSOS FORMAIS E ESTILÍSTICOS CARACTERÍSTICOS)

- *Cobras* = estrofas
- *Palavras* = versos (os máis comúns: heptasílabo, octosílabo ou decasílabo).
- *Palavra perduda* = verso libre
- Tipos de cantiga:
 - *De refrán*: repítese o último verso ou os dous últimos en todas as cobras.
 - *De mestría*: o resto.
- Rimas:
 - *Macho* (aguda) / *femia* (grave, márcase poñendolle un apóstrofe ao número de sílabas do verso) , ademais será
 - Consoante e asonante.
- Tipos de cobras segundo a rima:
 - *Cobras unisonantes*: a mesma rima en todas as cobras (é dicir os fonemas que fan o esquema rimático da primeira cobra son os mesmos no resto de estrofas).
 - *Cobras singulares*: co mesmo esquema rimático, en cada estrofa ten terminacións de rima distintas.
 - *Cobras dobras*: cada parella de cobras coincide na mesma rima.
 - *Cobras alternas*: as estrofas pares teñen unha rima e as impares, outra.
- Cómputo silábico: Cóntase ata a última sílaba acentuada (se acaba en palabra grave, a última sílaba non se conta e márcase engadindo un apóstrofe ao número de sílabas).

<i>Ondas do mar de Vigo,</i>	6'a
<i>Se vistes meu amigo</i>	6'a
<i>e, ai Deus, se verá cedo</i>	7'b
- Recursos literarios:
 - Hipérbole: para amplificar o eloxio da dama ou expresar o amor.
 - Antítese: expresar ideas opostas (con termos semanticamente antagónicos) para destacar unha ou ambas ideas, ou facer unha descrición inesperada.
 - Apóstrofe: interpelación a alguén cun vocativo.

E especificamente nas cantigas de escarnio e maldicir:

- O equívoco: uso de termos ambiguos que permite a dobre interpretación.
- A ironía: forma humorística que pretende dar a entender o contrario do que se di.
- Sátira: ridiculización dos vicios e defectos.